



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Decreto da alcaldía sobre composición e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, nomeamento de Tenentes de alcalde e delegación de atribucións

Vistos os artigos 23.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 114 a 121 e 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro que regulan as delegacións.

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 46.1 e 52, Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais en relación á designación de membros da Xunta de Goberno Local,

RESOLVO:

1.Nomear membros da Xunta de Goberno deste Concello aos seguintes concelleiros, (número non superior ao tercio do número legal de membros da Corporación):

Presidente: D. Jorge Cubela López

Membros:

D. Fernando Vázquez Corbacho
D^a M^a Lourdes Ovelleiro Garrido
D^a Belén Casado Troitiño
D. Javier Lois Abal

2.As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse con periodicidade quincenal en horario de mañá o segundo e derradeiro luns de mes, previa celebración da Comisión de Urbanismo e Obras.

3.Nomear Tenentes de alcalde pola seguinte orde e coas funcións que a este cargo atribúe o artigo 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril (substitución transitoria do Sr. Presidencia en caso de ausencia, vacante ou enfermidade) a:

Primeiro Tenente de alcalde D. Fernando Vázquez Corbacho
Segundo Tenente de alcalde D^a M^a Lourdes Ovelleiro Garrido

4.En base ás atribucións que me confiren os artigos 21.3 e 23.2.b) da Lei 7/85, de 2 de abril; 11, 44 e 53.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



4.1.O outorgamento de licenzas urbanísticas, de actividade e a toma de razón de comunicacións previas e declaración responsables.

4.2.As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

As ditas facultades delegadas exerceranse sen prexuízo das facultades de avocación recoñecidas á Alcaldía pola lexislación vixente.

5.Realizar as seguintes delegacións en favor dos concelleiros que se relacionan a continuación:

Delegación Específica:

Fernando Vázquez Corbacho: Urbanismo e Brigadas de obras, Atención Público Sede Carballedo

María Lourdes Ovelleiro Garrido: Cultura, Educación, Medio Ambiente, Atención Público Sede de Cerdedo

Condições:

O órgano delegado deberá ofrecer a información detallada ao órgano delegante acerca da xestión da competencia delegada.

Non se delega a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que permanece na Alcaldía.

6. Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarse no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura.

7.Notificar este decreto aos interesados, facéndolles saber que a delegación se entenderá aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do presente decreto, non fan manifestación expresa ante o órgano delegante, da súa non aceptación.

Cerdedo-Cotobade

O alcalde

Jorge Cubela López

